



BOA IMAXE A PESAR DAS BAIXAS.

Na tarde do xoves a expedición xuvenil do Numancia desprazábase ata terras coruñesas para disputar un novo partido de pretemporada, en concreto ás instalacións de A Barcala, sede do equipo Once Caballeros.

Cambre, 22 de agosto de 2013

ALIÑACIONS

ONCE CABALLEROS: Maikel, Marcos, Mateo, Jose, Novelle, Álvaro, Jose, Torreiro, Mahía, Marzoa e Pablo. Tamén xogaron Eloy, Zamudio, Novo, Adrián, Joshua, Kevin e Jesús.

Adestrador: Jacobo Vázquez.

Delegado: Diego Gómez.

NUMANCIA: Roberto, Isi, Marcelo, Brais, Jesús, Miguel, Diego Pérez, Nóvoa, Miguelito, Roque e Adrián. Tamén xogaron José Manuel, Agustín, Martín, Couce e Darío.

Adestrador: Alejandro González.

Delegado: José Antonio Couce.

ARBITRO: David Ferrer.

GOLES: Adrián, Marcos e Pablo para o Once Caballeros, e Miguelito (4) para o Numancia.

Para esta nova aventura, lonxe dos terreos de xogo habituais da nosa zona de influencia, Alex convocaba a un total de dezaseis xogadores. As lesións e outros compromisos impediron a presenza de máis efectivos.

Á chegada ás instalacións de A Barcala fomos recibidos polos compoñentes da directiva e corpo técnico do club, aos que dende aquí mostramos o noso agradecemento pola súa amabilidade, e pola súa invitación ao partido.

En canto ao partido, comezaban os de Ares un tanto tímidos ante un conxunto local que pronto creou as primeiras ocasións de gol con varios disparos a porta nos primeiros minutos.

Pero serían os de Ares, no minuto catro, os que se adiantarían no marcador na súa primeira chegada a porta, gol precedido por un roubo de balón de Miguelito en tres cuartos de campo que él mesmo conduce e sentencia. A medida que corría o reloxo os de Ares comezaron a asentarse no terreo de xogo para pasar a verse un partido bastante igualado. Aos vinte minutos, novamente Miguelito, despois dun balón en longo por banda esquerda que lle pon Adrián, marca o segundo para os de Ares. A partir de aquí o conxunto numantino comezou a sentirse máis cómodo no terreo de xogo, e a ter a posesión do balón, para finalizar co control do partido no primeiro período. Minutos antes do descanso, e despois dun balón en longo de Diego Couce que gaña as costas da defensa local, de novo marcaba Miguelito e poñía o 0 - 3 no marcador.

Na segunda metade volvía o equipo local a tomar a iniciativa do xogo ante un Numancia algo durmido. Así aos cinco minutos da reanudación, un balón ás costas da defensa visitante co que se facía Adrián, quen encaraba a Agustín e batíao por abaixo na súa saída para recortar distancias. O gol levantou os ánimos locais, pero dous minutos máis tarde, Miguelito na súa tarde goleadora volvía poñer terra de por medio. Sen dúbida hoxe foi a tarde de Miguelito, quen tivo que suplir a ausencia dos dianteiros aresanos, e nunha posición pouco habitual para él. A partir de aquí o partido volveu entrar nunha fase de igualdade. Pero a medida que ían transcorrendo os minutos, a falta de efectivos nas filas numantinas comezaba a pasar factura, e os locais conseguían pouco a pouco facerse co partido. Dous novos tantos locais, Marcos de penalti, e Pablo, de sensacional remate de volea que se coa por toda a escuadra, poñían o marcador en 3 - 4. Nos últimos minutos do encontro, buscouse máis o gol co corazón que coa cabeza e o partido perdeu algo de vistosidade. O abuso do pelotazo, en lugar da xogada elaborada foi a tónica xeral ata o asubío final.

Para finalizar, reiterar o noso agradecemento aos compoñentes do Once Caballeros, e emplazalos a unha futura visita ás instalacións de Prados Vello. Sorte na próxima tempada.

No que respecta ao noso equipo estes son os seus próximos compromisos.

Sábado 24 de agosto, ás 11:00 h: Betanzos - Numancia (O Carregal).

Mércores 28 de agosto: Narón - Numancia (O Cadaval).

Sábado 31 de agosto, ás 12:00 h: SP Meicende - Numancia.